

- 18515 (10/PUP-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia *#DameGalicia*

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 18475 (10/POPX-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos

- 18494 (10/POPX-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira

- 18514 (10/POPX-000054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do procedemento de provisión por libre designación de dous postos de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2017, ao abeiro do disposto no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, acordou resolver o procedemento de provisión dos postos de traballo de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia (postos AP97 e AP98 da relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia), coa designación para o seu desempeño de Rosa María Molinos Romero e María Isabel Cao Santamaría.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da pu-

blicación deste acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente